

NOTA TÉCNICA 1/2021 SOBRE O IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS.

A Axencia Tributaria establece para o ano 2021 retencións e ingresos a conta do IRPF que se relacionan na seguinte táboa:

| CLASE DE RENTA | PROCEDENCIA | TIPO APLICABLE PARA O 2021 |
|--------------------------|--|----------------------------|
| ACTIVIDADES PROFESIONAIS | Con carácter xeral | 15% |
| ACTIVIDADES PROFESIONAIS | Profesionais de novo inicio (no ano de inicio e nos dous seguintes) | 7% |
| TRABALLO | Premios literarios, artísticos ou científicos non exentos | 15% |
| TRABALLO | Cursos, conferencias, seminarios (art. 80,1,4º RIRPF e 101,3 LIRPF) | 15% |
| TRABALLO | Elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas | 15% |
| TRABALLO | Réxime fiscal especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español (art. 93,2f LIRPF) hasta 600.000,00€ | 24%* |
| GANANCIAS PATRIMONIAIS | Premios de xogos, concursos, rifas, ... suxeitos a retención (<i>unicamente para importes superiores a 300€</i>) | 19% |
| CAPITAL MOBILIARIO | Derivados da participación en fondos propios de entidades (art. 25,1 e 101,4 LIRPF, e 90 RIRPF) | 19% |
| CAPITAL MOBILIARIO | Dereitos sobre propiedade industrial e intelectual e prestación de asistencia técnica | 19% |
| CAPITAL MOBILIARIO | Dereitos sobre propiedade intelectual cando o contribuínte non sexa o autor | 15% |
| CAPITAL INMOBILIARIO | arrendamento de bens inmobles urbano | 19% |

**Cando as retribucións satisfeitas por un mesmo pagador de rendementos do traballo durante o ano natural excedan de 600.000,00€ a porcentaxe de retención aplicable ao exceso será do 45%.*

Para o persoal con vinculación laboral ou funcionarial coa Universidade de Vigo, en relación as rendas do traballo reflexadas no cadro, aplicarase a retención que lle corresponda segundo a nómina establecida, e de ser inferior, os porcentaxes arriba reflexados.

A XERENTA,

(Asinado dixitalmente)